



F A D I P

FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES  
DE ILUSTRADORES PROFESIONALES

# Situación económica do sector da Ilustración Gráfica en España

Estudo sobre a participación económica da Ilustración no sector cultural

## Método de traballo desenvolvido

Todo o traballo necesario para a obtención deste informe, foi organizado desde FADIP, a través dun proceso participativo e multirrexional no que participaron todas as asociacións membros: AGPI, APIC, APIE, APIM e APIV así como a coordinación e dirección da propia federación.

FUENTES	TÉCNICAS
<p>–Estadísticas económicas e fiscais facilitadas polo INE, AEAT, Ministerio de Cultura e entidades representativas do sector cultural a efecto do estudo a desenvolver por FADIP.</p> <p>–Cuestionarios e entrevistas persoais a profesionais da ilustración e doutros sectores profesionais afíns.</p>	<p>–<i>Focus group</i> territoriais de ilustradores.</p> <p>–<i>Foro de debate</i> entre lustradores e ilustradoras de prestixio en España.</p> <p>–Entrevistas selectivas con Ilustradores/as de prestixio, directores/as de arte, profesionais destacados e representantes dos sectores culturais utilizados como referencia comparativa: publicidade, prensa e libro (editoriais que editan libros ilustrados).</p>

• **Universo e mostra:** Na definición das mostras utilizadas neste informe, é necesario diferenciar a utilidade das mesmas na análise cuantitativa e análise cualitativa da información e datos obtidos.

• **Análise cuantitativa:** realizada basicamente coa información proporcionada por persoas asociadas a FADIP.

### Detalle da distribución territorial e participación na mostra:

	Universo	Mostra	%
Asociación Galega de Profesionais da Ilustración – <b>AGPI</b>	71	51	71,83
Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya – <b>APIC</b>	402	63	15,67
Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi – <b>APIE-EIEP</b>	34	13	38,24
Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid – <b>APIM</b>	169	99	58,58
Associació Professional d'Il·lustradors de Valencia – <b>APIV</b>	195	72	36,92
	871	298	34,21

Enviáronse un total de **871 cuestionarios** distribuídos entre as Asociacións Profesionais de Ilustradores existentes en España (Cataluña, Euskadi, Galicia, Madrid e Valencia); destes, e trala selección realizada nas propias territoriais asociadas a FADIP, configurouse unha **mostra de 298** na que se evitaron sesgos por sexo, idade, condición económica etc., entre profesionais que desde diferentes ámbitos xeográficos participaron coa cumplimentación do cuestionario escrito.

Os cuestionarios enviáronse desde as Asociacións integradas en FADIP, a través de correo electrónico, durante o segundo semestre de 2005; cada asociación responsabilizouse de coordinar tanto o envío como a recepción dos cuestionarios da súa mostra representativa.

Unha vez recompilados todos os cuestionarios, procedeuse a tabular a información recollida nun formato común que permitise posteriormente a depuración de datos e interpretación dos mesmos.

Os resultados máis significativos recóllense neste informe a través da súa representación gráfica.

• **Análise cualitativa:** realizada basicamente a través de **28 entrevistas** con profesionais da ilustración de recoñecido prestixio e traxectoria, así como representantes dos sectores de interese a efectos desta primeira aproximación ao estudo, ditas entrevistas foron seleccionadas cuidadosamente para atender ao interese de FADIP nesta primeira fase do traballo.

	Persoas entrevistadas	Sectores
Asociación Galega de Profesionais da Ilustración <b>AGPI</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fran Jaraba</li> <li>• Xan López Domínguez</li> <li>• Xosé Cobas</li> <li>• Miguelanxo Prado</li> </ul>	Ilustración
Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya <b>APIC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Raquel Pelta Resano</li> <li>• Josep Rosell Prado</li> <li>• Isabel Martí</li> <li>• Enric Jardí</li> <li>• Gabriela Rubio</li> </ul>	Historia do Deseño, Ilustración Editorial
Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi <b>APIE-EIEP</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elena Odriozola</li> <li>• Jokin Michelena</li> <li>• Mikel Urmeneta</li> <li>• Mikel Valverde</li> </ul>	Ilustración
Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid <b>APIM</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Javier Olivares</li> <li>• Javier Zabala</li> <li>• Carlos Fernández del Castillo</li> <li>• Sally Cutting</li> <li>• Pablo Amargo</li> <li>• Manolo Hidalgo</li> </ul>	Ilustración
Associació Professional d'Il·lustradors de Valencia <b>APIV</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Josep Gregori</li> <li>• Rosa Serrano</li> <li>• Manel Romero</li> </ul>	Editorial
Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales <b>FADIP</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Samuel Alonso</li> <li>• María Castillo</li> <li>• Ulises Culebro</li> <li>• Reina Duarte</li> <li>• Gustavo Puerta</li> <li>• Antonio Ventura</li> </ul>	Editorial Prensa Publicidade


**28 entrevistas**

## Unha aproximación á situación do gremio

### O sector profesional da Ilustración gráfica en España

Unha primeira lectura dos datos obtidos, permítenos constatar, que a **brecha diferencial** entre o grupo de profesionais varóns e o de mulleres aumentou respecto ao detectado na elaboración do Libro Branco da Ilustración en 2002; situándose ao límite do reparto proporcional da poboación para unha **participación equilibrada** de homes e mulleres. A mostra utilizada como referencia neste informe, distribúese nun 63% de varóns e un 37% de mulleres.

#### Distribución da mostra de ilustradores/as




O eixe do mediterráneo (Cataluña e Valencia) segue concentrando a maior porcentaxe de profesionais, con todo, houbo unha reactivación importante en Madrid que volve actuar como foco de atracción do gremio profesional e unha maior presenza e protagonismo de comunidades como a Galega que vai consolidándose tamén como reclamo de unión profesional.

A distribución entre homes e mulleres, danos un esquema similar, aínda que varía a orde e a proporción respecto dos varóns; a maior concentración de mulleres dase xa en Madrid, seguida de Cataluña; Valencia foi recompoñendo a súa participación profesional, alcanzando niveis equilibrados de representación e participación profesional; contrariamente é a distribución en Galicia, a que mostra unha **maior brecha diferencial**, un 12% entre os intereses profesionais de varóns e mulleres con representación no colectivo profesional.

O grupo profesional que serviu de mostra, caracterízase por contar cunha **formación moi especializada** no sector, na súa maioría universitaria (Belas Artes) e cun bo nivel de preparación artística especializada (Artes aplicadas e Oficios artísticos fundamentalmente).

#### Coñecemento e aplicación tecnolóxica especializada



En xeral, os perfís formativos e de especialización entre ilustradores varóns e mulleres son moi similares, aínda que é destacable a maior tendencia á especialización das ilustradoras; algo similar

reflicítese no coñecemento e aplicación tecnolóxica especializada no que, aínda que non existen atisbos da suposta “tecnofobia feminina”, obsérvanse comportamentos diferenciados: maior diversidade de coñecemento e aplicación de software por parte dos varóns, e maior concentración das mulleres na aplicación tecnolóxica especializada para a ilustración, o deseño e a creación de webs.


En canto á **experiencia profesional**, baste dicir por unha banda que a existencia desta é unha característica de todo o grupo, aínda que os varóns concentran traxectorias profesionais máis longas, en coherencia coa evolución social experimentada no noso país nos últimos 30 anos.

Os datos recollidos da experiencia profesional e asociativa, reforzan o perfil dos que consideran que este oficio require dunha capacidade autodidacta, que se vai desenvolvendo a través dun **proceso de aprendizaxe e experimentación continua** así como de reciclaxe profesional crucial nesta profesión.


## O exercicio profesional da Ilustración en España

Unha primeira lectura dos datos recollidos para este informe, desvela o que ata agora era un “segredo a voces” dentro da profesión: as condicións nas que se exerce mostran que non hai cobertura suficiente para que o gremio profesional, en términos xerais, poida dedicarse a este oficio como actividade económica. Apenas un 40% dos que se consideran Ilustradores exercen profesionalmente e viven diso.

### Exercen de xeito exclusivo a profesión de ilustrador/a (asociacións)



### Como realizan a súa actividade profesional os ilustradores/as (asociacións)




Os datos se revelan ante unha realidade evidente e é que, ata nas zonas territoriais onde hai unha maior consolidación deste gremio profesional, as dificultades de manterse exclusivamente nesta profesión maniféstanse con rotundidade.

Os que se dedican só a exercer como profesionais da Ilustración, fano maioritariamente como traballadores/as autónomos/as, o que confire a este sector unha especial idiosincrasia, que reforza o carácter individualista do seu proceso de traballo e a sensación de “illamento” e indefensión na protección e garantía dos seus dereitos como profesionais.


Aínda que cada vez hai unha maior diversidade aparente, no que a campos profesionais nos que ten cabida a ilustración gráfica se refire, o certo é que é o sector editorial, sobre todo o Libro Infantil e Xuvenil e o Libro de texto o que maior utilización realiza desta creación visual.

Non é de estrañar pois, o empeño posto desde FADIP en establecer acordos de colaboración co gremio editorial, para a mellora das condicións profesionais dos que representan a creación autoral gráfica, máxime tendo en conta que a gran maioría da clientela de ilustradores e ilustradoras son empresas privadas.

### Campos profesionais nos que se realizan mais traballos de ilustración




### Cientes habituais dos Ilustradores/as profesionais (asociacións)



## A comercialización da Ilustración gráfica en España

Os que se dedican profesionalmente a esta actividade de creación visual, traballan maioritariamente con editoriais, empresas de publicidade e prensa na mesma orde de frecuencia e intensidade.


### Para qué sector traballan os ilustradores/as con maior frecuencia (asociacións)



A confirmación de orzamento é a formalización máis habitual como instrumento para documentar o encargo do traballo profesional especificando as súas condicións, prezos e prazos (54,7%); con todo, a utilización do modelo de contrato escrito continúa sendo algo bastante inusual, apenas un 22,5% deste tipo de relacións se instrumentaliza deste xeito.

Tendo en conta que desde FADIP fíxose un arduo traballo para negociar coa Federación do

### Instrumentos para formalizar un encargo profesional de ilustración (asociacións)




Gremio de Empresas Editoras a utilización dun modelo de contrato marco común para oficializar as relacións comerciais entre editoriais e ilustradores/as que dese cobertura e amparo ao establecido na Lei de Propiedade Intelectual, trala valoración dos datos recollidos nesta mostra constátase a falta de interese da parte contratante en utilizalo.

Un 52% da mostra entrevista declara ter problemas nas súas relacións profesionais por querer utilizar un contrato escrito para formalizar o encargo de traballo.

Resulta paradóxico e ao mesmo tempo reflicte a indefensión deste colectivo profesional o feito de que a intención de querer aplicar os recursos que prevé a Lei de Propiedade Intelectual e unha mellor organización das relacións laborais-profesionais utilizando instrumentos de confirmación oficial, poida orixinar un sistema de penalización que actúa nas relacións individualizadas entre ilustradores/as e parte da súa clientela, colocando aos primeiros nunha situación de maior vulnerabilidade como sector profesional.


O recoñecemento do dereito de autoría segue sendo o gran escollo a resolver.

**Situacións e problemas derivados da formulación de formalizar un encargo de ilustración mediante un contrato escrito (asociacións)**




## A situación económica dos Ilustradores/as

**Nivel de ingresos medios anuais dos Ilustradores/as –en euros– (asociacións)**



**Nivel de gastos medios anuais dos Ilustradores/as-en euros-(asociacións)**




Aínda que o sector editorial representa o de maior contratación profesional de ilustradores e ilustradoras, os datos mostran que non é deste de onde proceden a maior parte dos ingresos profesionais; o sector de publicidade representa a fonte de alimentación da ilustración profesional en maior medida, aínda que seguida de preto polo sector editorial e o de prensa.

A aparente disociación entre quen actúa como sector cliente maioritario e sector do que se obtén a maior porcentaxe de ingresos contribúe a explicar parcialmente a situación económica que reflicten as gráficas de ingresos e gastos de ilustradores/as, máxime tendo en conta que entre os/as profesionais que perciben ingresos só dun campo profesional, este refírese de xeito abafador ao editorial. Este é o caso dunha alta porcentaxe de profesionais de ámbitos xeográficos nos que existe unha co-oficialidade lingüística, onde o mercado do libro se desdobra en funcionamento e práctica e tamén entre as ilustradoras, especializadas maiormente en torno ao libro infantil e xuvenil.

Os datos recollidos sobre o nivel de gastos e de ingresos declarados polos/as profesionais da ilustración resultan bastante evidentes por si sos para identificar a situación económica que caracteriza a unha gran parte deste gremio.

**Procedencia maioritaria de ingresos profesionais dos Ilustradores/as (asociacións)**







Un 48% de profesionais que integran a mostra perciben menos de 12.000 euros ao ano en concepto do seu exercicio profesional; nesta situación atópanse o 50% das ilustradoras e o 45,7% dos ilustradores.

Se deste nivel de ingresos procedentes da actividade profesional que se realiza maioritariamente no réxime especial da seguridade social de traballadores autónomos réstase o importe dos gastos mínimo para o mantemento da actividade profesional (cota de seguridade social, suministros e consumibles) o importe líquido promedio co que subsisten o 48% de profesionais da ilustración está por baixo dos 500 euros mensuais.

#### Procedencia maioritaria de ingresos profesionais dos Ilustradores/as (xénero)



#### Conceptos que se inclúen como gastos de funcionamento do exercicio profesional de ilustrador/a




Con este panorama, non é de estrañar que o 59% de profesionais que integran a mostra desta aproximación ao estudo económico declaren que os ingresos anuais que reciben pola súa actividade profesional a duras penas dálles para cubrir o básico da vida diaria (alimentación) e os gastos profesionais necesarios para seguir realizando a súa actividade (seguridade social e suministros enerxéticos e informáticos).

Por outra banda, para un 17% da mostra os ingresos percibidos non lles dá nin para cubrir os gastos da seguridade social, o que fai inviable manter unha continuidade na cotización social e provoca o efecto entrada - saída do réxime de traballadores autónomos segundo a existencia ou non de encargos de traballos. Esta situación afecta maioritariamente a unha parte importante dos que inician o exercicio como profesionais, aínda que non é exclusiva dos/as ilustradores/as noveis.


Un 20% da mostra consegue manterse na súa actividade, cubrindo os gastos da súa vida diaria e ata aforrar; esta menor porcentaxe adoita responder a profesionais de prestixio, varóns, cunha traectoria profesional consolidada e os que se lles recoñece o valor engadido que aporta a súa firma aos produtos nos que se utilizan as súas ilustracións.

En xeral, a falta de empoderamento económico do que adoece o gremio profesional da ilustración gráfica en España explica en certa medida que o criterio que máis inflúe na determinación do prezo do seu traballo estea máis relacionado co tempo necesario e a posibilidade de continuar a actividade profesional que coa determinación do valor engadido que aporta o seu traballo.


**Os ingresos anuais como ilustrador/a lles permite (asociacións):**



**Os ingresos anuais como ilustrador/a lles permite (xènero):**




**Factores mais influentes no establecemento do precio do traballo de ilustración (asociacións)**



Unha gran parte de profesionais da ilustración que integran a mostra seleccionada, recoñecen non ter referencias prácticas de tarifas de prezos que utiliza o gremio para ter en conta á hora de presentar orzamentos do seu traballo, o que por unha banda indica que efectivamente, trátase dun sector non regulado, no que o funcionamento e desenvolvemento profesional ten máis que ver coas individualidades e caché que co corporativismo ou identidade colectiva; pero por outra banda tamén reflicte que as tarifas incluídas no Libro Branco da Ilustración elaborado por FADIP, como referencia de importe mínimo aplicable, son pouco coñecidas e menos utilizadas, xa sexa por descoñecemento ou por consideralas non actualizadas ao contexto territorial e campo profesional no que se traballe.


**Utilización das Tarifas Mínimas do Libro Branco da Ilustración Gráfica (asociacións)**



## Percepción e valoración da situación económica

Con toda a cautela necesaria para poder valorar unha situación tan complexa como a descrita como a proximación ao gremio profesional da ilustración, o que evidencian as entrevistas e cuestionarios recibidos é que a situación non só non é motivo de leducia, senón que a tendencia e evolución experimentada nos últimos anos mostran unha realidade preocupante que deteriora a consideración desta profesión e obstaculiza a dignificación das condicións nas que se exerce a mesma.

**Relación entre o prezo e o valor do traballo de ilustración (asociacións)**




**No sector editorial**, a análise tórnase complexa pola inexistencia de datos públicos individualizados de difusión, e tamén polo cambio de enfoque comercial das editoriais, no que a promoción e venda de cada libro en se mesmo perde relevancia a favor da ocupación dun maior espazo no mercado. Con esta política prodúcese non só un fenómeno de sobreproducción de títulos (case 70.000 anuais, segundo cifras oficiais) se non tamén de depreciación do valor do traballo de creación. Evitando especular sobre a parte de verdade que se esconde nas lamentacións do empresario editorial sobre a solvencia do sector, hai dous datos incuestionables: a participación relativa do ilustrador ou ilustradora no valor xerado polo libro descendeu ao caer a porcentaxe de royalties global (autoría literaria autoría ilustración) do 10% ata o 6% e o 4% en numerosos casos. Por suposto seguiu estendéndose a fórmula das remuneracións a tanto alzado perdido -encuberta en suposto de obra colectiva ou non- que representa en se mesma unha negación da proporcionalidade. Todo iso mentres se fan públicos os datos do comercio interior do sector do libro para o ano 2003, no que se constata un crecemento superior á inflación nun 2,1% á inflación sen que haxa un comportamento similar nas remuneracións polas reproducións das ilustracións gráficas.

Outro dato relevante é a notable redución das cifras nos adiantos sobre royalties que supón en realidade **caer en quen recae a autoría unha parte do financiamento da edición**

**No sector de la prensa** os datos da OJDE indican que nos últimos dez anos, aumentou globalmente a difusión dos xornais de información xeral (con matices e excepcións en períodos e tamén en publicacións concretas), mentres o seu prezo de venda ao público fíxoo en máis dun 200%. Segundo os datos da Asociación de Editores de Diarios Españóis (AEDE), dos 8 xornais de maior tirada, 6 aumentaron a difusión entre 2001 e 2002. Segundo esa mesma fonte o conxunto do sector tivo nese mesmo período un beneficio neto de 169.000.000 de euros. Con todo ningún deles incrementou as tarifas de colaboración (dereito de reprodución por vez), que no mellor dos casos mantiveron mesmo valor nominal, e estímase que en xeral descendieron entre un 20% e un 40%. **Aparece doutra banda, a práctica de cesión gratuita da reprodución das ilustracións por segunda vez en publicacións coeditadas.**

**Percepción dos ilustradores/as sobre a variación de prezos cos que se traballa nos últimos 5 anos (asociacións)**




**No sector da publicidade e o deseño** deseño a variedade de situacións fai moi difícil a síntese. Con todo poderíamos dicir como exemplo, que as tarifas medias na ilustración de carteis e folletos reducíronse entre un 30% e un 50% no período do que falamos. O descenso faise aínda máis duro nestes sectores porque alí a cultura do dereito de autor é sumamente precaria e o pago de royalties ou doutras formas de remuneración proporcional (contra tirada) non se aplica ao ilustrador ou ilustradora.

A percepción do 55% de profesionais incluídos na mostra evidencia o descenso dos prezos en termos relativos nestes últimos 5 anos o que se traduce nunha perda de poder adquisitivo real dunha gran maioría dos que se dedican ao exercicio profesional da ilustración gráfica.

Os que teñen maior experiencia e traxectoria profesional neste sector están en mellores condicións de realizar unha análise comparativo entre a situación que afecta á ilustración gráfica en España e noutros países e de mostrar como a realidade aparente de mellora profesional en países como en Francia ou EEUU pode magnificar a ilusión óptica de que a maior demanda de profesionais contribúe a mellorar as condicións e a remuneración da ilustración; cando o certo é que o mercado internacional, do mesmo xeito que o Español expulsa a unha gran parte de profesionais por non conseguir suficientes ingresos para manterse na actividade ou pola propia perversión da proliferación de oferta de profesionais que deprecia o valor simbólico e económico do traballo.

#### Os ilustradores/as consideran a súa situación económica en relación ao seu gremio profesional (asociacións)



A necesidade de protección e garantía dos dereitos derivados da propiedade intelectual, require dunha acción coordinada colectiva e dun serio debate para o establecemento de tarifas comúns que actúen como orientación de mínimos a superar.

Sería un erro atribuír esta situación de precariedade económica á non aceptación do mercado.

A ilustración gusta os que consumen os produtos finais, e por iso aporta valor aos mesmos; agora ben, o ilustrador/a non é recoñecido xeralmente como parte creadora de contido, senón maioritariamente como mero proveedor/a de cuestións estéticas; esta falta de recoñecemento e valorización da profesión e do traballo que realiza explica parte das dificultades que ten este sector para revalorizar os seus prezos como colectivo.

## Resultado das entrevistas cualitativas

Para complementar o Informe sobre a situación económica do sector da Ilustración gráfica en España, elaborado por FADIP durante o ano 2005, realizáronse 28 entrevistas a profesionais da ilustración de recoñecido prestixio e traxectoria, así como representantes dos tres sectores de interese (Ver cadro en páx. 2).

En liñas xerais, as entrevistas realizadas seguen un esquema común en canto a temáticas centrais.

### Ideas centrais que dan contido ás entrevistas:

#### A PRESENZA DA ILUSTRACIÓN NA SOCIEDADE

Preténdese opinar sobre a percepción de se a ilustración está presente na conciencia cidadá.

**UTILIZACIÓN** (ou re-utilización) da ilustración como soporte PARA TRANSMITIR ou reforzar mensaxes. ¿É a Ilustración un elemento decorativo ou un instrumento de comunicación visual?

#### O VALOR ECONÓMICO DA ILUSTRACIÓN

Este é o tema crucial do estudo económico. ¿Percíbese a ilustración como algo barato? Percepción de como foi cambiado o valor/precio.

Relaciónanse a continuación unha síntese daqueles aspectos de maior relevancia que saíron nas entrevistas cualitativas.

#### Sobre a PRESENZA DA ILUSTRACIÓN NA SOCIEDADE

A ilustración está presente na sociedade e incrementouse a súa utilización, tanto pola súa valoración artística como pola súa ampla gama de aplicacións en diferentes soportes como roupa, vai-xelas, elementos de decoración, etc. que nos rodean cada día.

O valor que a xente atribúe ás ilustracións, depende do que os ilustradores/as valoren a súa propia obra

A ilustración hoxe en día é un medio eficaz para desenvolver potentes mensaxes de comunicación, por iso ten unha alta presenza social, ámbito de influencia e consúmese por todas partes. houbo unha evolución no papel e uso da ilustración gráfica en xeral. Favorece a transmisión dunha mensaxe desde unha perspectiva persoal, aínda que o baixo nivel cultural para ler estas imaxes pode facer que á maioría de consumidores/as se lles escapen mensaxes ou ata que ilustradores/as deban realizar imaxes de consumo fácil, marcado polas vendas editoriais e polos editores.

Os que se dedican a esta profesión son percibidos/as como: Creadores, artistas visuais e ás veces ata algo mercenarios/as

A ilustración está ao servizo da sociedade de consumo, pero non é suficientemente valorada.

#### Sobre o VALOR ECONÓMICO DA ILUSTRACIÓN

Hai un amplo consenso á hora de afirmar que o traballo de ilustrar non está convenientemente retribuído, que os prezos da ilustración son moi baixos, que están absoluta e claramente conxelados e que todos os que pagan por ela conciben a ilustración como algo moi barato.

Non é acorde o valor económico retribuído da ilustración co servizo e os beneficios que xera, mentres que a nivel industrial, o beneficio é altísimo e a repercusión de promoción, publicidade, etc. incalculable.

Os prezos están conxelados desde fai anos, ata se foi rebaixando nalgúns casos. As tarifas adecuadas son algo que ten que facer valer cada profesional.

Compróbase a existencia dunha descompensación entre o uso e explotación e a retribución económica ao autor/a, que se pode compensar ou agravar segundo as condicións de difusión da ilustración, sempre que se garantan os dereitos de autoría.

A explotación non-consentida ou incontrolada, tería que ser denunciabile.  
 As novas tecnoloxías non favorecen o control da utilización dunha creación visual.  
 O valor económico de cada obra, depende finalmente do que cada ilustrador pode cobrar por ela.  
 O valor económico que se atribúe á ilustración é o valor do mercado.

No sector da editorial constátase que os prezos non se incrementaron e xa que logo seguen baixos, xustificados polos baremos do mercado cultural, a utilización das novas tecnoloxías que facilitan o proceso de elaboración creativa, superproducción editorial,...

Na publicidade hai un incremento, pero non suficiente, nin proporcional ao valor profesional.

E na prensa mantéñense as retribucións continuas (respecto das colaboracións) pero parece ser que cada vez que entra un novo proxecto vólvese a suscitar o orzamento.

#### **Algunhas ESPECIFICIDADES de interese obtidas nas entrevistas**

Entre os ilustradores/as que participaron nestas entrevistas cualitativas, existe unha perspectiva maioritaria sobre a necesidade duns criterios comúns profesionais (sobre todo ao principio da actividade profesional) e de fortalecer o papel das asociacións profesionais e das entidades de xestión de dereitos, como instrumentos que poden mellorar as condicións laborais xerais desta profesión. Con isto o que no fondo estase suscitando ademais é que parte da solución de mellora viría dada por un maior recoñecemento da nosa labor asociativa, unha regularización legal do concepto AUTOR/A e a aplicación da lei vixente.

Esta profesión desenvólvese maioritariamente de forma independente e liberal, polo tanto cada quen debe construír o seu proxecto, as súas condicións e facer valorar o seu traballo profesional.

Entre os editores/as e profesionais do sector editorial, houbo tamén un amplo consenso á hora de establecer opinións e valoracións sobre os seguintes aspectos:

#### **Nivel de calidade da ilustración española:**

Respecto da calidade estética o nivel é moi bo e está en clara evolución. Apréciase un rexurdimento moi creativo, aínda que prima o dominio da técnica sobre a narrativa ou o 'xenio', salvo excepcións.

Existen boas propostas gráficas.

#### **Presenza na sociedade:**

Nula, por descoñecemento e falta de educación no gusto xeral. Non se entende o lecer cultural, e ademais, vivimos uns tempos de mensaxes baleiras e ninguén sabe a que obedecen as estéticas.

#### **A ilustración como soporte para transmitir e reforzar mensaxes:**

Só para o público infantil. En xeral enténdese a ilustración como elemento decorativo: 'é bonita' constitúe unha das apreciacións máis repetidas. En xeral interesa máis o prezo do libro.

#### **Valor económico da ilustración:**

Supón un alto valor para a venda do produto, pero está desproporcionadamente mal remunerado.

En demasiadas editoriais séguese sen pagar royalties.

A abundancia de ilustradores/as non axuda a que a valoración económica lles favoreza.

Por non falar da inmigración que multiplica a oferta existente (o 80 % dos ilustradores arxentinos vive en Madrid).

Os profesionais da ilustración que viven ben do seu traballo é unha escasa porcentaxe.

Os prezos están estancados e baixando desde fai anos.

## Objetivos, alcance e dimensión do estudo

Entre os obxectivos de FADIP ten unha especial relevancia o de promocionar, dignificar e difundir a achega que a **Ilustración gráfica** exerce dentro do mundo cultural, paralelamente á defensa dos dereitos de autoría dos que se dedican a este campo creativo; a consecución destes obxectivos permitirá a necesaria mellora das condicións do sector profesional da ilustración gráfica.

Para iso, resulta imprescindible coñecer con maior profundidade o alcance e dimensión da ilustración gráfica nos diversos territorios de España.

Neste sentido, desde FADIP iniciouse no ano 2003 unha liña de traballo tendente a visualizar a situación profesional dos ilustradores e ilustradoras coa publicación do **Libro Branco da Ilustración Gráfica**; ao longo do 2004 foise profundando neste aspecto, organizando de que xeito poderíase obter a valoración e avaliación da dimensión económica da Ilustración, e durante o 2005 realizouse unha primeira aproximación ao **Estudo sobre a Participación Económica da Ilustración en España**, do que os principais resultados resumense nesta publicación (A versión completa deste informe pódese atopar en [www.fadip.org](http://www.fadip.org)).

Con esta primeira aproximación, FADIP pretende mostrar o tamaño e dimensión do sector profesional en España, segundo distribución territorial e forma en que se exerce a profesión desagregada por sexo, con especial atención ao volume de negocio desta profesión e ás condicións que caracterizan a mesma: clientela, evolución da facturación e evolución de tarifas económicas.

Con esta intención, iniciouse unha liña de traballo e investigación descriptiva centrada en 3 ámbitos do sector cultural: editorial, prensa e publicidade. O interese de cada un deles reside na importancia que teñen no exercicio profesional da ilustración gráfica, e polo tanto tamén na situación económica do gremio.

O obxecto deste informe é o de realizar unha primeira aproximación ao estudo sobre a **participación económica da Ilustración gráfica no sector cultural de España**. Con esta intención, foise desenvolvendo un proceso de traballo que tivo como puntos focales de maior interese aqueles que permitían vertebrar a descrición da dimensión económica do sector profesional, e de forma específica as características da facturación do sector profesional.

**O ámbito temporal abarca todo o ano 2005 e moi especialmente o segundo semestre.**



### Equipo de trabajo:

Rosa Alberó, Manel Cráneo, Neus Escobedo, Daniel Martín, Miguel Ángel Teso

### Coordinación e dirección:

Carmen Castro, Carlos Ortín

### Coa colaboración de:

Fundación Arte y Derecho. Ministerio de Cultura DG de Cooperación Cultural